

Juan M. Campos Míguez



Manual de Uso do Alumno/a

Instrucións de uso dos materiais do proxecto **A EF na Pantalla**, creado por **Juan Manuel Campos Míguez** baixo licenza CC BY-NC- SA, durante unha licenza de formación para a creación de materiais curriculares dixitais da *Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia*




O proxecto “A EF DENDE A PANTALLA” , partirá da estrutura que nos marca “[O Noso Trevo](#)” e onde todas as follas están interrelacionadas, aínda que no noso deseño utilizaremos tres delas e a cuarta, a das TICs, utilizarédela coa realización de todo este traballo na rede.

Trátase de 9 temas , que se concentran en tres bloques :

- A SAÚDE,
- A ACTIVIDADE FÍSICA
- AS CAPACIDADES FÍSICAS BÁSICAS (CFB) .





Ao longo deste proxecto ídesvos atopar cun grupo de actividades que se vos van mostrar na plataforma de Moodle e que figurarán como aparece na seguinte imaxe.




Facemos click onde manda a frecha


Nas actividades que encabezan a palabra “CONCEPTUALIZACIÓN” OU “QUE APRENDÍN?”, están realizadas co programa ExeLearning e apareceranos unha ventá coma na seguinte imaxe.



No seu Menú teremos un desplegable dos puntos que trataremos nese tema onde poderedes atoparvos con información teórica a través de explicacións ou de infografías. Tamén é probable que vos atopedes con actividades interactivas (despregables, de verdadeiro ou falso, de resposta múltiple, ...) como podemos observar na seguinte imaxe.




Tamén nos podemos atopar con outro tipo de actividades que nos poden levar a abrir un pdf y que podemos descargar para imprimir. Véase seguinte secuencia de imaxes.




2- Click en aceptar

1- Click en imprimir




Nas actividades que encabezan a palabra “IMOS PRACTICAR” están realizadas co programa **EdiLim** e apareceranos unha ventá coma a que aparece na seguinte imaxe.

No seu marxe superior atoparedes todo o menú que aparecerá na actividade.



Cada vez que fagamos unha actividade comprobaremos o resultado. E logo darémoslle a frecha “>” que nos indicará avanzar.




Aínda que nalgúñas non nos permitirá retroceder (coma podemos observar na imaxe que aparece a continuación).

No marxe dereito atopámonos aparte dos indicadores da dirección e o número da páxina. Aparece o log para poder maximizar a ventá



Se o click efectúase sobre o "i".

Abrírase unha nova ventá para ver a información sobre os resultados que levamos feitos.




Dentro dalgún tema tamén nos podemos atopar con arquivos de OpenOffice como o que aparece na imaxe..
Ao facer click abríásenos unha ventá coma a seguinte



Nesta ventá teremos dúas opcións

- a) Abrir o arquivo
- b) Gardar o arquivo.




En calqueira dos casos cando logo traballemos dentro do arquivo daranos a opción de: "Arquivo guardar como" e apareceranos unha ventá como esta.



Buscamos a carpeta.

Poñémoslle nome ao arquivo.

Gardamos



Instrucións de uso dos materiais do proxecto **A EF na Pantalla**, creado por **Juan Manuel Campos Míguez** baixo licenza CC BY-NC-SA, durante unha licenza de formación para a creación de materiais curriculares dixitais da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia

